

Cara ao medio século da Revolución dos Caraveis: da cohabitación político-militar á cohabitación institucional interpartidista

Fernando Martínez Arribas

Profesor de Ciencia Política e da Administración, Universidade de Vigo

RESUMO: O fin do *Estado Novo* portugués foi impulsado polo *Movimento das Forças Armadas*, que acabou tutelando a democratización do país a través de mecanismos institucionalizados no sistema político como o Consello da Revolución e o deseño dun sistema semipresidencial que na súa primeira etapa implicou unha cohabitación político-militar. Cos cambios producidos nos anos oitenta do século XX desapareceu a presenza militar da vida política pero non a fórmula da cohabitación, xeneralizándose a partir de 1986 pola vía dos feitos unha cohabitación interpartidista na Presidencia da República e na Xefatura do Goberno que, cando está preto de cumprirse medio século da Revolución dos Caraveis, actúa como instrumento de control do poder.

Palabras chave: Revolución, 25 de abril, MFA, semipresidencialismo, cohabitación.

Hacia el medio siglo de la Revolución de las Claveles: de la cohabitación político-militar a la cohabitación institucional interpartidista

RESUMEN: El fin del *Estado Novo* portugués fue impulsado por el *Movimento das Forças Armadas*, que acabó tutelando la democratización del país a través de mecanismos institucionalizados en el sistema político como el Consejo de la Revolución y el diseño de un sistema semipresidencial que en su primera etapa implicó una cohabitación político-militar. Con los cambios producidos en los años ochenta del siglo XX desapareció la presencia militar de la vida política pero no la fórmula de la cohabitación, generalizándose a partir de 1986 por la vía de los hechos una cohabitación interpartidista en la Presidencia de la República y en la Jefatura del Gobierno que, cuando está cerca de cumplirse medio siglo de la Revolución de los Claveles, actúa como instrumento de control del poder.

Palabras clave: Revolución, 25 de abril, MFA, semipresidencialismo, cohabitación.

Towards half-century of Carnation Revolution: from political-military cohabitation to inter-party institutional cohabitation

ABSTRACT: The end of the Portuguese *Estado Novo* was promoted by the *Movimento das Forças Armadas*, which ended up protecting the democratization of the country through mechanisms institutionalized in the political system such as the Council of the Revolution and the design of a semi-presidential system that in its the first stage involved a political-military cohabitation. With the changes produced in the eighties of the 20th century, the military presence disappeared from political life, but not the cohabitation, generalizing from 1986 through the facts an inter-party

cohabitation in the Presidency of the Republic and in the Chief of Government that, when it is close to the half century of the Carnation Revolution, acts as an instrument of control of power.

Keywords: Revolution, April 25, MFA, semi-presidentialism, cohabitation.

1. Introducción

O vindeiro 25 de abril de 2024 cumpriranse cincuenta anos da popularmente chamada Revolución dos Caraveis ou, en portugués, *Revolução dos Cravos*. As celebracións, institucionais ou non, vanse suceder por todo Portugal (e fóra do país) para lembrar o fin pacífico da ditadura e a chegada da democracia. De feito, os actos oficiais xa levan en marcha desde o pasado 23 de marzo de 2022, momento no que o Presidente da República, Marcelo Rebelo de Sousa e o Primeiro Ministro, António Costa, conmemoraron que Portugal cumpría máis días de democracia (17.500 nese intre) que xornadas baixo o *Estado Novo* de Salazar e Caetano¹.

Neste tempo, Portugal pasou do illamento (aínda que era membro da OTAN) a integrarse en todos os principais organismos e institucións internacionais, singularmente a Unión Europea, chegando incluso a ser dirixidos por portugueses a propia Comisión Europea (*Durão Barroso*) ou a Organización das Nacións Unidas (António Guterres). Do mesmo xeito, o país pasou da pobreza e o atraso (económico, viario e mesmo social) a un importante grao de desenvolvemento, a pesares de ter sufrido crises económico-financeiras que propiciaron a intervención temporal *de facto* do país pola coloquialmente chamada *troika*. Asemade, pasou de ser o último gran imperio colonial antes da revolución a concluír de xeito vertixinoso o proceso descolonizador.

Porén, neste pequeno traballo non se pretende facer unha análise global do acontecido en Portugal neste medio século, senón sinalar como o singular proceso de transición pilotado polo *Movimento das Forças Armadas Portuguesas* (MFA) incidiu na forma de goberno adoptada (semipresidencialismo) e na existencia de determinados mecanismos de tutela (militar) establecidos na redacción orixinal da Constitución. De igual modo verase como, a pesar do incremento do poder do Primeiro Ministro, a idea de evitar a concentración de poderes, sexa nunha persoa ou nunha formación política, continúa moi presente pasadas case cinco décadas, como acredita a xeneralización da fórmula da cohabitación entre Presidentes e Primeiros Ministros de filiación política diferente.

De xeito contrario, advírtese que apenas se tocarán outros aspectos de grande importancia, como o sistema de partidos existente na actualidade, que reproduce a grandes trazos o derivado do proceso revolucionario, as relacións entre as principais forzas políticas (sobre todo no campo da esquerda, marcadas polos acontecementos e divisións do período 1974-1976), ou a hibernación

1 A denominación de *Estado Novo* refírese ao sistema corporativo e autoritario portugués, dirixido por António de Oliveira Salazar desde 1932 ata 1968 como Xefe de Goberno e continuado por Marcelo Caetano no período 1968-1974; porén, a ditadura xa se viña producindo desde o ano 1926, polo que no cómputo hai que incluír este período. Sobre o modelo corporativista portugués pódese destacar o estudo feito por Schmitter, *Corporatism and public policy in authoritarian Portugal*.

continuada do proceso de rexionalización do Portugal continental², que en certo sentido funde as súas raíces no limitado interese por esta cuestión que tiña o MFA máis alá das Azores e Madeira.

Por iso, na estrutura deste traballo traeranse primeiramente a colación as causas e o proceso de derrubamento da ditadura e o modo no que chega a democracia, a partir do golpe ou revolución incruenta do 25 de abril de 1974 impulsado e dirixido por unha facción das Forzas Armadas (o xa referido MFA), rematando na aprobación da Constitución de 1976 que puxo fin ao incerto bienio anterior. Seguirase coa substancial modificación do modelo derivada da reforma constitucional de 1982 que suprimiu o Consello da Revolución e reduciu as facultades presidenciais, momento no que seguindo as teses de Linz (1990: 29) produciríase a consolidación democrática ao minimizarse as posibilidades de veto ao goberno elixido democraticamente (Sabater, 2019: 31-32). E finalmente, abordarase o escenario da prolongada cohabitación interpartidista á fronte das principais institucións portuguesas.

2. O contexto prerrevolucionario: a crise do *Estado Novo*

O Portugal previo ao 25 de abril de 1974 era un Estado con poucos aliados internacionais, o que sen dúbida estaba vencellado á arcaica idea de manter un imperio cando as grandes potencias europeas (Reino Unido e Francia) xa levaran a cabo a súa retirada das colonias.

No contexto europeo posterior á Primeira Guerra Mundial foron frecuentes os países que optaron por fórmulas autoritarias para afrontar a situación de inestabilidade política, económica e social. É así cando en Portugal xorde unha ditadura militar que acabou coa Primeira República en 1926, desenvolvéndose un autoritarismo de formas republicanas ata 1974 denominado *Estado Novo* baixo a dirección de António de Oliveira Salazar desde 1932 (Sabater, 2019: 18).

Este longo réxime caracterizouse por un modelo fortemente autoritario con ausencia de liberdades e pluralismo político (a representación política e os principais postos da Administración estaban controlados polo partido único, a Unión Nacional) e un modelo de representación orgánica, baixo a dirección efectiva de Salazar, formalmente Primeiro Ministro pero en realidade autócrata ao que na práctica ningún Presidente da República podía substituír (nun sistema de subordinación que gardaba moitas similitudes ao existente na Italia fascista entre o Rei Vítor Manuel III e Mussolini). Este *Estado Novo* tiña unha concepción moi conservadora e tradicional, con fortes vínculos coa Igrexa Católica (coloquialmente era o Portugal dos tres “f”: fado, fútbol e Fátima) e unha clara política anticomunista que faría de Portugal un aliado de EEUU e membro da OTAN, a pesar do seu illamento³.

2 Sobre o proceso de rexionalización portugués, ou mellor dito, a ausencia do mesmo, pode verse o traballo do profesor López Mira, “La regionalización en Portugal”, publicado no ano 2001, despois do rexeitamento da proposta rexionalizadora no referendo do 8 de novembro de 1998. Un novo intento de desenvolver a rexionalización estaba no plan de acción do goberno de António Costa; porén, en abril de 2023 rexeitou a celebración dun novo referendo, caendo esta cuestión unha vez máis na completa hibernación.

3 As similitudes coa España franquista, malia a non pertenza neste caso á OTAN, eran evidentes. De feito, os principais éxitos internacionais do primeiro franquismo, coa salvedade da Alemaña e Italia belixerantes na Segunda Guerra Mundial, viñeron de Portugal co chamado “Pacto Ibérico” asinado no 1942, aínda que formalizando un acordo previo de 1939 no inestable contexto da Segunda Guerra Mundial. Neste período, o Portugal de Salazar foi o principal apoio do franquismo por parte dun Estado non belixerante na guerra; axuda que, a súa vez, era continuación da prestada ao bando “nacional” na Guerra Civil española, onde participou unha unidade portuguesa no lado franquista (os chamados “Viriatos”). Porén, a axuda prestada na Guerra Civil tiña un carácter limitado, a fin de non incomodar ao Reino Unido, tradicional aliado portugués (Rodríguez Garoz, 2005).

Esta fórmula autoritaria levouse a termo durante décadas a través dunha política represiva da oposición política, con fortes aparellos de seguridade e de policía política (a PIDE) e co apoio, sobre todo ata os anos sesenta do século XX, das elites económicas.

Porén, no *Estado Novo* existían certas reminiscencias liberais que permitían unha feble expresión política e un monolitismo militar menor ao da España franquista. Así, formalmente celebráronse eleccións presidenciais directas, aínda que baixo a coacción, control e censura do aparello do réxime, como constatou a fraude xeral nos comicios de 1958 contra o candidato Humberto Delgado (que posteriormente acabaría sendo asasinado) e cuxo relativo éxito motivou a transformación das eleccións presidenciais nuns comicios indirectos para evitar todo perigo para a supervivencia do salazarismo.

Con todo, o elemento clave que propiciou o colapso do réxime portugués foi o conflito coas súas colonias, iniciado en Angola en 1961 e que acabou potenciando as disensións dunhas Forzas Armadas máis heteroxéneas que as españolas (Sabater, 2019: 22), de modo que o Portugal do ano 1974 tiña moitas dificultades económicas e sociais para facer fronte aos custos das devanditas guerras e nunha parte importante da sociedade portuguesa empezouse a cuestionar a necesidade de manter esa política imperial. Mesmo no período 1961-1974, chegáronse a mobilizar 900.000 homes dun total de oito millóns e medio de habitantes, desertando ou fugándose outros 250.000 (Loff, 2000: 140).

Isto ocasionou “*un divorcio entre el poder político y el económico*” derivado da incapacidade para racionalizar o comercio colonial e da imposibilidade de competir coas empresas multinacionais (González Hernández, 1999: 41-42). Ante esta situación, os oficiais medios do exército portugués, despois de vivir *in situ* a experiencia da Guerra Colonial, cada vez amosáronse máis críticos co réxime e produciuse unha “*progresiva politización de las Fuerzas Armadas portuguesas [...] en torno a los condicionamientos socio-políticos de la guerra colonial*” conforme a dous factores: a imposibilidade de xustificar a Guerra Colonial e a evolución nas súas reclamacións profesionais, que cambian dun carácter reivindicativo de privilexios estamentais á expresión dunha certa oposición política ao réxime (González Hernández, 1999: 50). Neste contexto orixinouse o *Movimento das Forças Armadas Portuguesas* (MFA), que acabaría por ser o principal protagonista do proceso de transición neste país, impulsando diversas accións (fracasado levantamento de Caldas da Rainha) ata o 25 de abril de 1974 que puxo fin á ditadura.

Polo tanto, o xurdimento do MFA foi posible porque o réxime portugués nunca chegou a contar coa adhesión total e incondicional do estamento militar, pois xa nos anos sesenta do século XX existiran intentos de levantamento por parte de militares demócratas, como o de Botelho Moniz; e porque nunha parte importante do exército portugués considerábase que esta institución debería impulsar o proceso de cambio político (González Hernández, 1999: 41) que cada vez víase como a única saída posible en amplos sectores da sociedade diante da imposibilidade de manter a Guerra Colonial⁴.

4 Nesta liña, a publicación polo xeneral Spínola nos inicios de 1974 do libro *Portugal e o Futuro*, no que apoiaba unha solución política á problemática colonial, xerou grande repercusión ao constatar que integrantes da alta xerarquía castrense xa non apostaban pola vía militar.

3. O papel do *Movimento das Forças Armadas en Portugal*⁵

O MFA constituírase en 1973 por un grupo de mozos oficiais de gradación intermedia (fundamentalmente capitáns e comandantes), de ideoloxía esquerdista, opostos á ditadura do *Estado Novo* e que pretendían o fin da Guerra Colonial en Angola, Mozambique e Guinea-Bissau. Como é sabido, o 25 de abril de 1974, de forma practicamente incruenta e con caraveis nos fusís, convertidos no símbolo do levantamento, as tropas comandadas por un dos dirixentes do MFA, o capitán Salgueiro Maia, tomaron o control de Lisboa, producíndose a caída do goberno de Marcelo Caetano e a fuxida do propio Caetano⁶. Aínda que existían factores que permitían pensar que o final do *Estado Novo* non estaba lonxe, o derrubamento da ditadura máis longa de Europa en menos de 24 horas foi unha auténtica sorpresa, sobre todo na España franquista da época. Neste sentido o fin da ditadura portuguesa foi visto con simpatía por unha considerable parte da poboación española, como constatou un estudo do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) de outubro de 1974⁷, e con preocupación polos elementos máis inmovilistas do franquismo⁸.

O MFA sitúa a Antonio de Spínola, xeneral conservador oposto ao réxime salazarista, á fronte dunha Xunta de Salvación Nacional. Desta forma, os oficiais do MFA deixaron de inicio a representación formal do novo réxime emanado do 25 de abril en mans dun militar de prestixio que non supoñía rexeitamento nin dos sectores económicos e políticos máis conservadores, nin de aliados exteriores como EEUU, reservándose para o propio MFA o control real do proceso revolucionario.

Este control púxose de manifesto coa publicación, como anexo á Lei 3/1974, do 14 de maio, do “*Programa do Movimento das Forças Armadas Portuguesas*”, que non só tería carácter programático, senón que ao integrarse nesta lei adquiriu valor xurídico, converténdose no instrumento constitucional clave do período de transición. Programa baseado nos tres “d” (democracia, descolonización e desenvolvemento) fronte ás tres “f” xa sinaladas do *Estado Novo*, dispoñendo a disolución das estruturas políticas e de seguridade do antigo réxime ou a amnistía dos presos políticos. Mais, no que agora interesa, establecía un período de excepción

5 Traballo sobre a transición portuguesa hai moitos e desde perspectivas diversas. Neste sentido, pódese destacar o estudo monográfico feito por Maxwell en *The Making of Portuguese Democracy*, incidindo nos elementos únicos do caso portugués ao ser un grupo de oficiais dun exército pouco xerarquizado e moi radicalizado os que acaban coa ditadura (Maxwell, 1995). Respecto do papel do MFA no período 1974-1976, resulta aconsellable o traballo de Maria Inácia Rezola, *Os Militares na Revolução de Abril. O Conselho da Revolução e a Transição para a Democracia em Portugal (1974-1976)*.

6 O que podemos chamar como a mitoloxía do 25 de abril leva a que, como sinala a xornalista Tereixa Constela, sobre 1.500 rúas e prazas fagan referencia a este día e á Revolución dos Caraveis (Constela, 2021). Porén, as continuas referencias ao 25 de abril contrastan coa ausencia de mencións concretas aos seus protagonistas, posiblemente porque case todos os oficiais do MFA tiveron un papel político relevante nos anos seguintes, xerando filias e fobias na sociedade portuguesa. A excepción sería precisamente Salgueiro Maia, quen foi un dos escasos militares protagonistas do 25 de abril que rexeitou intervir en política; agora ben, nin ese afastamento da actividade política evitou que o goberno de Cavaco Silva negarlle unha pensión pouco antes de falecer.

7 Neste estudo “un 20% de los encuestados veía con distintos grados de simpatía en aquel momento la revolución portuguesa, un 31% se mostraba indiferente (ni simpatía ni antipatía) y sólo un 13% miraba con antipatía o gran antipatía lo que estaba aconteciendo al otro lado de la frontera ibérica” (Sabater, 2019: 58).

8 Os elementos máis ortodoxos do aparello franquista impulsaron un maior control sobre o exército, cesando a militares aperturistas como Díez-Alegría e posteriormente reprimindo á Unión Militar Democrática (UMD). Neste sentido, autores como Sánchez Cervelló distinguen dúas grandes etapas na influencia en España da revolución portuguesa: a primeira entre o mesmo 25 de abril e setembro de 1974, de influencia positiva ante o novo réxime portugués dirixido por un militar conservador como Spínola; a segunda, entre setembro de 1974 e novembro de 1975, de influencia negativa, ante o peso cobrado en Portugal polo Partido Comunista e os sectores máis esquerdistas do MFA (Sánchez Cervelló, 1995: 269).

ata que fosen electos o Presidente da República e a Asemblea Lexislativa, que resultarían dunha nova Constitución aprobada en Asemblea Constituínte elixida por sufraxio universal, directo e secreto e cuxa convocatoria debería ser realizada no prazo de doce meses (Leite, 2016: 314). Polo tanto, xa desde os inmediatos momentos posteriores ao 25 de abril prevíase unha tutela militar temporal do proceso de transición, se ben o papel protagonista do MFA aínda non era tan explícito, tendo un rol máis visible naquel intre a Xunta de Salvación Nacional composta por militares de alta gradación, de máis idade que os do MFA e só parcialmente vencellados coas ideas esquerdistas dos novos oficiais. Porén, o MFA pronto pasou a converterse no actor sobre o que xiraba todo o proceso político portugués posterior ao 25 de abril de 1974, como recoñeceu Mário Soares, líder do Partido Socialista e futuro Primeiro Ministro e Presidente da República, afirmando nunha entrevista realizada por Oriana Fallaci en maio de 1975 que os militares eran os garantes do proceso revolucionario e que o papel dos partidos políticos era secundario (Fallaci, 1978: 463-464). O propio Soares continuaba a entrevista manifestando [respecto dos militares] que *“de haber querido actuar de dictadores, no habrían prometido las elecciones. Pero las prometieron y las han llevado a cabo: por primera vez en cincuenta años. [...] hicieron honor al principio de ausencia de elecciones, ausencia de democracia”* (Fallaci, 1978: 464).

Papel protagonista que o MFA conservaría ata novembro de 1975, momento no que ponse fin ao proceso revolucionario (Rezola, 2016: 171) ou, como moito, ata a aprobación da Constitución de 1976, aínda que ata a reforma da Constitución portuguesa realizada en 1982 que supuxo a supresión do Consello da Revolución existiron canles institucionalizadas que posibilitaban que os militares mantiveran un papel na esfera política. Polo tanto, as Forzas Armadas convertéronse na institución que pilotou o cambio en Portugal, aínda que non sería ata despois do “verán quente” de 1975 cando se clarificou que tal pilotaxe era cara unha democracia representativa de tipo occidental.

Agora ben, a dirección do proceso político polo MFA durante aproximadamente ano e medio, acabou por dividir aos seus principais dirixentes, de xeito que o MFA pasou de converterse nun actor con plena unidade de actuación a estar dividido en distintos grupos enfrontados ideolóxicos e mesmo persoalmente. Nesta liña, seguindo ao profesor González Hernández (1999: 56-60), pódense distinguir varias fases no proceso revolucionario portugués, concretadas a través de importantes crises que acabaron propiciando a desintegración do devandito proceso; e en todas esas fases, o actor decisivo foi o propio MFA.

Unha primeira fase desenvolveuse desde o 25 de abril ata o 10 de xullo de 1974, na que o xeneral Spínola quixo impoñer a súa autoridade fronte ao MFA, perdendo ese pulso de poder e tendo que aceptar como Primeiro Ministro ao coronel Vasco Gonçalves, imposto polo MFA e próximo ás teses comunistas.

Un segundo momento de crise aconteceu a finais de setembro de 1974 cando o mesmo Spínola (que exercía como Presidente) tentou retardar o proceso de descolonización, o que acabou por provocar a súa dimisión e a súa substitución polo xeneral Costa Gomes o 28 de setembro, incrementándose o poder do MFA que, á súa vez, estaba máis radicalizado cara á esquerda⁹.

9 É neste momento cando o MFA institucionalízase para fortalecerse no exercicio do poder, creando o Consello Superior do MFA (ou Consello dos Vinte) e a Asemblea de Delegados do MFA (ou Asemblea dos douscentos).

Unha terceira fase pode situarse o 11 de marzo de 1975, data en que se produce un intento de golpe de estado por parte de sectores dereitistas, derrotado polo MFA. De feito, non debemos esquecer que, nesas alturas e con Franco vivo, existía unha fonda preocupación no goberno e principais partidos políticos, a que España interviñera dalgunha forma na política portuguesa, pois o réxime franquista consentiu (explícita ou implicitamente) ser base de operacións da oposición portuguesa de dereitas. Mesmo, como recoñeceu Mário Soares en setembro de 1975, foron detectados un gran número de oficiais portugueses preparándose en España para un contra-golpe de dereitas (Fallaci, 1978: 491) e o propio Soares admitiu anos despois o temor a unha intervención española, apuntando que os principais dirixentes norteamericanos da época “fueron a hablar con Franco, cuando él ya estaba enfermo, para pedirle que dejara entrar a los marines en Portugal para actuar contra los comunistas, porque creían que los comunistas iban a ganar”¹⁰.

Pois ben, a derrota do golpe de dereitas permite que o MFA acade o seu máximo poder, incrementando o ritmo das nacionalizacións (incluíndo a banca) e acordando cos partidos políticos as normas para a elección da Asemblea Constituínte, á vez que se creou o Consello da Revolución, institucionalizando unha tutela política que o MFA exercitaría por un período de entre tres e cinco anos (González Hernández, 1999: 57). Elementos acordados no Primeiro Pacto MFA-Partidos o 13 de abril de 1975, representado “la victoria de los que pretendían garantizar que la futura Constitución no anulara las políticas revolucionarias y el poder militar (o sea, que garantizará la Asamblea del MFA y el Consejo de la Revolución como órganos de soberanía durante un periodo de transición, de tres a cinco años), [...] durante la transición, el presidente de la República sería designado por un colegio electoral (con elementos de la Asamblea del MFA y de la futura Asamblea Legislativa). La Asamblea del MFA figuraba entre los órganos de soberanía (con 240 miembros, en representación de las tres ramas de las Fuerzas Armadas), siendo el máximo órgano de poder el Consejo de la Revolución” (Rezola, 2016: 168).

Deste xeito, a mediados de abril de 1975 o MFA non só era o principal actor político de Portugal, senón que parecía asegurarse a conservación deste papel tutelar durante os próximos anos, impondo a lexitimidade revolucionaria sobre a saída do proceso constituínte que se ía a celebrar.

Agora ben, as eleccións celebradas o 25 de abril de 1975 para elixir a devandita Asemblea Constituínte marcaron un punto de inflexión que estivo na orixe da seguinte crise. Neses comicios, o Partido Socialista (PS, centro-esquerda) obtivo o 37,37% dos votos, o Partido Popular Democrático (PPD-PSD, centro-dereita, posteriormente denominado Partido Social Demócrata) logrou o 26,38%, e o Partido Comunista Portugués (PCP) unicamente conseguiu o 12,53% dos sufraxios. Resultados electorais que outorgaron unha lexitimidade directa aos partidos políticos fronte ao MFA e que amosaron unha imaxe do electorado portugués moito máis moderada que as políticas gobernamentais avaladas polo MFA.

Nese contexto, o propio MFA comezou a dividirse, debido a que a partir das eleccións do 25 de abril de 1975, un amplo sector da oficialidade do MFA considera chegado o momento

10 Recollido de *La Voz de Galicia*, 20 de abril de 2014. Soares incidía no acontecido na Primeira República portuguesa, que sufrira tres incursións monárquicas desde Galicia, preguntando ao entón embaixador de España no Reino Unido (Manuel Fraga) “qué va a hacer Franco respecto de Portugal”, sinalando que Fraga trasladoulle que “Franco es gallego y como gallego tiene un gran respeto por Portugal, luego él nunca hará nada contra Portugal”.

do traspaso total de poderes e de redución do exército ás súas funcións institucionais normais (González Hernández, 1999: 59). A dualidade entre lexitimidade revolucionaria e electoral estaba servida e os principais partidos políticos (agás o PCP) eran partidarios de restrinxir ou modular dita tutela. Así se produciu a cuarta crise (o denominado “verán quente”) entre xullo e setembro de 1975, caendo o goberno de Vasco Gonçalves e formándose un gabinete na órbita socialista, nun contexto de fortes tensións políticas, sociais e territoriais (o norte do país máis conservador fronte a unha parte sur máis esquerdista). O MFA rompe completamente, cun sector próximo ao PCP liderado por Vasco Gonçalves¹¹, outro ligado á extrema esquerda á fronte do que se situou Otelo Saraiva de Carvalho, quen dirixía o COPCON¹² e fora o estratega do 25 de abril, e un sector máis moderado cuxos membros eran próximos ao PS, como Melo Antunes.

Ala moderada que impulsou o “Documento dos nove” fronte aos sectores vinculados ao Partido Comunista que chegaron mesmo a cuestionar a lexitimidade derivada das urnas, como reflectiu unha controvertida entrevista do líder do PCP, Álvaro Cunhal, na que admitía (en xuño de 1975 e despois de celebradas as primeiras eleccións democráticas) que “*en Portugal no habrá Parlamento*” (Fallaci, 1978: 500).

Así se chegou á quinta crise acontecida o 25 de novembro de 1975, cando nunha operación militar os sectores máis esquerdistas do MFA foron derrotados, expulsados dos seus postos e mesmo detidos (caso de Otelo Saraiva de Carvalho), retomándose a xerarquía institucional e eliminando as manifestacións políticas dentro do exército. Neste novo contexto, o 26 de febreiro de 1976 asinouse o Segundo Pacto MFA-Partidos que mantiña o Consello da Revolución pero eliminaba a Asemblea do MFA do conxunto de órganos de soberanía, introducindo a elección directa por sufraxio universal e secreto do Presidente da República, fórmula que diminuía a influencia militar na vida política (Rezola, 2016: 173). Agora ben, desde ese mesmo instante, existiu un acordo tácito, asumido polos partidos políticos, de que o primeiro Presidente sería un militar (Rezola, 2016: 173), sendo “*designada por A. Gonçalves Pereira como «cláusula militar implícita», mas que também pode ser considerada um verdadeiro ultimato*” (Bayerlein, 1996: 822).

Desta maneira, estableceuse o marco para que se aprobara a Constitución, que entraría en vigor o 25 de abril de 1976, e para elixir unha Asemblea Lexislativa e un Presidente por sufraxio universal.

4. A cohabitación político-militar

A Constitución de 1976 sería equiparable á das democracias de corte liberal (Estado democrático, soberanía popular, garantía de dereitos e liberdades fundamentais e pluralismo político) aínda que no ámbito formal establecía como obxectivo a transición cara ao socialismo, contiña un amplo abano de disposicións de carácter social e configuraba un Consello da Revolución formado por oficiais designados polos distintos sectores das Forzas Armadas con extensas funcións, mesmo de tribunal de garantías constitucionais. Neste sentido, a escolla dun modelo

11 Sector que tiña impulsado o documento “*Aliança Povo-MFA*” que recoñecía ao MFA o exercicio dunha importante función tutelar sobre o sistema político.

12 Acrónimo do Comando Operacional do Portugal Continental, órgano de élite das Forzas Armadas lusas creado despois do 25 de abril.

semipresidencial foi unha consecuencia dunha conxunción crítica da historia, caracterizada por unha forte presenza dos militares na vida política e a necesidade de outorgar aos oficiais do exército un papel no novo réxime democrático (Costa, 2010: 1).

O sistema semipresidencialista fora obxecto de teorización por Duverger e tiña ata entón a súa máxima expresión na Francia da V República de inspiración gaullista. Este modelo estaría caracterizado por un Presidente da República elixido por sufraxio universal, que ten considerables poderes *de iure e de facto*, e no que o poder executivo está compartido entre o propio Presidente e un Primeiro Ministro e un Goberno responsables ante o Parlamento (Duverger, 1986). Trátase, polo tanto, dun sistema de dobre confianza “con un executivo dual o «diárquico», dividido entre un presidente elegido por los ciudadanos (una de las características más destacadas del presidencialismo) y un primer ministro dependiente de la confianza del parlamento (uno de los rasgos específicos del parlamentarismo” (Garrido Rubia, 2008: 55).

Polo tanto, un dos elementos fundamentais do modelo semipresidencial sería a institución da cohabitación pola que o Xefe do Estado e o Xefe de Goberno deben consensuar as decisións gobernamentais, aínda que isto variaría en función do tipo concreto de semipresidencialismo de que se trate e, sobre todo, da diferente (ou non) adscripción partidista entre o Presidente e o Primeiro Ministro. De feito, no caso portugués, o resultado (e a evolución do modelo) dependería de tres elementos: a orixe do sistema (a xa falada influencia militar), os poderes constitucionais dos principais órganos políticos, e a natureza da maioría parlamentaria (Costa, 2010: 4).

A opción polo semipresidencialismo derivaba da elaboración da Constitución baixo as directrices do MFA, como se recoñecía non só no Preámbulo, senón no propio texto articulado, no que aparecía como garante da democracia e da revolución e como partícipe (xunto co pobo) no exercicio da soberanía (art. 3 da versión orixinal de 1976).

En canto aos poderes constitucionais, establecíanse como órganos de soberanía o Presidente da República, a Asemblea da República, o Goberno, os Tribunais e o Consello da Revolución (art. 113 da redacción orixinal). O Presidente¹³, elixido por sufraxio universal, cun mandato de cinco anos e ao que se lle permitía optar á reelección (por unha soa vez de xeito consecutivo), podía non só disolver a Asemblea e convocar eleccións, senón tamén nomear e separar ao Primeiro Ministro (art. 136 f) da redacción orixinal) aínda que este contara co apoio da Asemblea, e tiña capacidade de veto respecto de actos normativos (art. 139 na redacción de 1976). Pola súa parte, o Consello da Revolución estaría presidido polo Presidente e tería amplos poderes, mesmo de carácter exclusivo no relativo á organización, funcionamento e disciplina das Forzas Armadas (art. 148 da versión orixinal), sendo tamén o defensor das conquistas da Revolución e podía declarar inconstitucional os decretos leis gobernamentais, a modo “de un Tribunal Constitucional sui generis con el cometido de asegurar no sólo que no se abandonaran los ideales revolucionarios después de 1976, sino que se siguieran persiguiendo activamente” (Costa, 2010: 5).

En canto ás maiorías parlamentarias, as eleccións lexislativas de 1976 deixaron a vitoria do Partido Socialista, pero lonxe da maioría absoluta e sen posibilidade de entendemento entre

13 Sobre os poderes do Presidente da República en Portugal, resulta moi relevante o estudo dos profesores FREIRE e COSTA PINTO, *O Poder dos Presidentes*.

as forzas de esquerda dada a mala relación entre o propio PS e o PCP derivada da evolución do proceso de transición.

Deste xeito, nas eleccións presidenciais de 1976, o xeneral Ramalho Eanes presentouse como candidato independente escollido polos militares e avalado polas principais forzas políticas (agás o Partido Comunista e os seguidores de Otelo Saraiva de Carvalho), sendo “*um candidato da Constituição, uma espécie de síntese entre o 25 de Abril e o 25 de Novembro*” (Bayerlein, 2008: 825).

Eanes, aproveitando a fusión da lexitimidade revolucionaria coa electoral, a ausencia de maiorías sólidas na Asemblea ata as eleccións de decembro de 1979 e a conseguinte inestabilidade governamental¹⁴, incidiu fortemente na acción política, a través do veto presidencial (rexeitou aproximadamente vinte propostas de lei), da supervisión ministerial e de diversos gobernos de iniciativa presidencial (período 1978-1980) constituídos polo propio Presidente da República nomeando a independentes ou a técnicos (Bayerlein, 2008: 826). Porén, a consolidación do sistema de goberno na presidencia de Eanes non se produciu porque, a diferenza do acontecido en Francia alomenos ata o 1986 (data da primeira cohabitación Mitterrand-Chirac) faltou unha maioría estable, xa que “o presidente exonerava executivos de orixe parlamentar, o parlamento tentava fazer cair gobernos de inspiración presidencial. Não havia um «acordo» básico de entendimento entre o presidente e os partidos políticos. Neste ponto, os Portugueses não aceitavam inteiramente o novo sistema político” (Bayerlein, 2008: 828). Neste sentido, parte da doutrina estima que a ausencia na Constitución do plebiscito como instrumento presidencial, a diferenza do previsto en Francia, ten evitado que o Portugal desa época evolucionara cara posicións plebiscitarias neocesaristas (Bayerlein, 2008: 828).

5. A cohabitación interpartidista

O texto orixinal de 1976 dispoñía un límite temporal para a súa reforma, de xeito que non cabía revisión antes do fin da I Lexislatura (14 de outubro de 1980; art. 299) e unha maioría reforzada (dous terzos dos deputados presentes que supuxeran a súa vez, a maioría absoluta dos deputados en activo; art. 286). Pois ben, a Constitución revisouse no 1982, seis anos despois da súa aprobación, cumpríndose o criterio temporal e cos votos favorables dos partidos da ala dereita, PSD, Centro Democrático e Social (CDS) e Partido Popular Monárquico (PPM), así como co apoio do PS, que superaban a maioría cualificada establecida; polo contrario, a principal oposición á revisión veu do PCP¹⁵.

Á altura desta época, o equilibrio de forzas de 1976 tiña evolucionado considerablemente coa diminución de poder dos militares e, en xeral da esquerda, que fora derrotada nas eleccións lexislativas de 1979 e 1980. Neste escenario, os dous principais obxectivos da revisión eran:

14 Unha crónica da inestabilidade governamental deste período pode atoparse na obra de GONZÁLEZ HERNÁNDEZ (2019: 145-157). O autor incide en que, máis alá da retórica esquerdista, o PS hibernou no período 1976-1978 as propostas máis revolucionarias (nacionalizacións ou reforma agraria) nun contexto de forte crise económica na que Portugal precisou de préstamos do Fondo Monetario Internacional.

15 A xénese desta reforma pode verse no traballo de Juan Carlos González Hernández (2019: 184-188).

- » a) Eliminar a presenza militar na política, o que pasou por suprimir o Consello da Revolución, composto por militares e con competencias moi relevantes, como xa se ten sinalado. Neste sentido, debe lembrarse que o Consello da Revolución non formaba parte das cláusulas de intanxibilidade previstas no art. 290, xa que outra cousa suporía admitir na Constitución unha intervención militar permanente e non temporal. As funcións deste órgano pasaron a outras institucións, creándose o Consello de Estado e o Tribunal Constitucional, completándose o proceso de despolitización das Forzas Armadas portuguesas (González Hernández, 1999: 187).
- » b) Diminuír os poderes presidenciais, o que tamén estaba dalgún xeito conectado co anterior, tendo en conta que naquel momento o Presidente da República, Eanes, tiña unha adscrición militar. Neste sentido, foi modificada a posibilidade concedida ao Presidente de nomear e cesar o Primeiro Ministro de xeito practicamente unilateral (por falta de confianza política; art. 136 f) do texto orixinal) quedando limitada a súa facultade de cese do Goberno a circunstancias excepcionais (art. 195.2 do novo texto).

Por iso, para parte da doutrina, a revisión de 1982 supón que Portugal abandone o semi-presidencialismo dualista (Garrido Rubia, 2008: 70) a outro de tipo Primeiro Ministro-Presidente no que tecnicamente, aínda que o Goberno seguía a ser responsable diante do Presidente e da Asemblea da República, só era politicamente responsable ante a Asemblea (Costa, 2010, 1-2). De feito, para algún autor a praxe política pasa a ser como un sistema parlamentario nun proceso á inversa do francés (Hoehn, 2017: 27).

Non hai dúbida que a revisión constitucional de 1982 supuxo unha perda de poderes do Presidente, e mesmo está moi estendida a afirmación de que Portugal queda por debaixo dos poderes presidenciais medios nos rexímenes semipresidenciais (Siaroff, 2003). Porén, como sinala Costa Lobo, parece que se ten esaxerado a redución dos poderes presidenciais: o Presidente mantén a súa capacidade para disolver a Asemblea¹⁶ e conserva a capacidade de veto respecto das decisións políticas (Costa, 2010: 1-2, 8). Ademais, continua a ter unha lexitimidade democrática directa froito da súa elección por sufraxio universal.

De feito, posiblemente o cambio máis significativo producido desde a década dos oitenta do século XX deriva da formación de maiorías de goberno estables, encadeando Cavaco Silva unha década no poder (1985-1995) con dúas maiorías absolutas do PSD de centro-dereita. En paralelo, Soares, de adscrición socialista, converteuse no primeiro civil en ser Presidente de Portugal desde 1926, iniciándose así unha cohabitación interpartidista que estabilizou o sistema e permitiu a ambas as dúas figuras a súa reelección. Non se pode negar que as reformas constitucionais frearon o papel presidencial como decisor político, pero ao noso xuízo o elemento determinante do incremento do poder do Primeiro Ministro serían as maiorías na Asemblea e unha maior cohesión interna dentro dos partidos (na segunda metade dos setenta, tanto o PS como o PSD padeceron importantes escisións).

Así as cousas, tras case unha década de cohabitación Soares-Cavaco, durante algo máis de seis anos o Partido Socialista ocupou as dúas cadeiras máis importantes, con Jorge Sampaio

16 Facultade coloquialmente chamada como a “bomba atómica”. Agás nos seis meses posteriores á elección da Asemblea, no último semestre do mandato do Presidente da República, ou durante o Estado de Sitio ou o Estado de Excepción.

como Presidente da República (1996-2006) e António Guterres como Primeiro Ministro (1995-2002). Mais a fórmula da cohabitación volveu reproducirse entre abril de 2002 e marzo de 2005, no que Sampaio tivo como Primeiros Ministros a Durão Barroso e a Santana Lopes.

Porén, Sampaio amosou que a Constitución, mesmo reformada, mantiña unha capacidade relevante de actuación para o Presidente. Así, por medio do Decreto nº 3/2002, de 18 de xaneiro¹⁷, o Presidente da República (como xa se ten dito, de filiación socialista) dissolveu a Asemblea e convocou eleccións anticipadas para o 17 de marzo de 2002, despois da dimisión do Primeiro Ministro António Guterres (tamén socialista) derivada dos resultados obtidos nas eleccións municipais. Os resultados das eleccións lexislativas, adiantadas en máis dun ano, implicaron a vitoria do centro-dereita e o pase á oposición do PS; de feito, a decisión de disolver e non posibilitar a formación dun novo goberno socialista, que aínda mantiña a maioría parlamentar, foi cuestionada por algúns sectores do seu propio partido.

Menos de tres anos despois, o Presidente Sampaio exercitou de novo a súa facultade de convocar eleccións para o 20 de febreiro de 2005 (un ano antes do previsto), a través do Decreto do Presidente da República nº 100-B/2004¹⁸, de 22 de decembro. Neste caso existía un goberno de centro-dereita (PSD-CDS) con maioría absoluta parlamentaria, que apenas levaba catro meses funcionando (despois da elección de Barroso como Presidente da Comisión Europea) e cuxo Primeiro Ministro (Santana Lopes) opoñíase ao adianto electoral. A discrepancia Presidente-Primeiro Ministro resolveuse en prol da convocatoria dunhas eleccións nas que triunfaría o Partido Socialista.

Polo tanto, a experiencia de 2002-2004 permite apreciar un grande poder presidencial en momentos de inestabilidade governamental, debendo ser moi coidadosos coa interpretación minimalista do papel do Presidente no sistema político (Costa, 2010: 9).

Neste sentido, non deixa de ser significativo que case en paralelo á cohabitación portuguesa, en Francia aprobouse unha reforma constitucional no 2002 que reducía o mandato presidencial de sete a cinco anos e, aínda que nada afecta formalmente ao sistema semi-presidencialista, na práctica evita a cohabitación ao establecer a celebración practicamente simultánea das eleccións presidenciais e lexislativas, de feito que *“Francia dispone hoy de un sistema formalmente semi-presidencial, pero en los hechos su sistema es presidencial exacerbado”* (Hoehn, 2017: 22-23). Polo contrario, Portugal continuou cohabitando, pasando a unha fórmula á inversa, cun Presidente de dereitas e un Primeiro Ministro socialista: Cavaco e Sócrates no período 2006-2011 e Marcelo Rebelo de Sousa e António Costa¹⁹ entre 2016 e a actualidade.

Así as cousas, lonxe de ser excepcional, a cohabitación portuguesa tense convertido na fórmula habitual pola vía dos feitos, ocupando 27 dos 37 anos transcorridos desde a elección do primeiro Presidente civil no 1986. Certo que as tensións inherentes a este modelo existen e

17 *Diário da República* n.º 15/2002, Série I-A de 18 de xaneiro de 2002, p. 362.

18 *Diário da República* n.º 298/2004, 1º Suplemento, Série I-A de 22 de decembro de 2004, p. 2.

19 A elección de Costa supuxo o fin do afastamento histórico entre o Partido Socialista e o Partido Comunista, que xunto ao *Bloco* formaron a coñecida *geringonça*.

no momento de escribir estas liñas a relación entre Rebelo e Costa está moi deteriorada²⁰, mais posiblemente a cohabitación interpartidista acabou por supoñer un instrumento de control e freo ao poder, pois a dobre lexitimidade electoral mantense en ambos casos e o país, a pesar de períodos económicos moi complicados (a intervención da *troika* no período 2011-2014) ten hoxe unha democracia estable e desenvolvida, que era un dos obxectivos primixenio dos capitáns de abril.

6. Conclusións

O 25 de abril de 1974 produciuse un golpe militar en Portugal que supuxo o fin da ditadura. A singularidade do caso portugués estriba en que tal levantamento foi realizado por oficiais de gradación intermedia do exército (o MFA) radicalizados e cunha ideoloxía esquerdista, nun contexto no que a Guerra Colonial e a ausencia de reformas implicaron a perda de apoios do réxime.

O MFA convértese, entre o 25 de abril de 1974 e o 25 de novembro de 1975, no actor protagonista que pilota o proceso de transición portugués e o denominado Proceso Revolucionario en Curso (PREC), impulsando a celebración de eleccións constituíntes o 25 de abril de 1975. Con todo, o MFA, que en abril de 1974 tiña actuado de forma unitaria, dividiuse en diversos sectores: un moderado afín ao PS, un próximo ao PCP e outro radical de extrema esquerda.

Despois de case dous anos de combustión interna, con diversos intentos de golpe dos sectores máis dereitistas e esquerdistas, da presión derivada da descolonización (entre 1974 e 1979 retornaron aproximadamente medio millón de civís portugueses á metrópole), e da vitoria electoral do Partido Socialista, consolidouse en Portugal unha solución moderada apoiada económica e diplomaticamente polo resto de potencias, singularmente EEUU e a entón Comunidade Económica Europea. Desta forma, en 1976 aprobouse a Constitución, consagrando unha república semipresidencialista, e celebrando eleccións parlamentarias e presidenciais nese mesmo ano.

Chegados aquí, pódese establecer unha relación entre o sistema semipresidencialista deseñado no 1976 e o autor causante do derrubamento da ditadura que, segundo recoñece o Preámbulo da Constitución, resistindo ás diversas reformas da *Carta Magna*, sería o propio MFA. Vencello que nos primeiros anos tiña unha forma máis parecida a unha tutelaxe por parte do estamento militar, existindo o acordo tácito entre MFA e os principais partidos políticos de que o primeiro Presidente da República elixido fora militar e tivera recoñecida importantes funcións, como a posibilidade de cesar ao Primeiro Ministro. Ademais, a capacidade de veto presidencial e as competencias recoñecidas ao Consello da Revolución, á fronte do que se situaba o propio Presidente da República, diminuían a marxe de actuación da Asemblea da República e do Goberno. Neste sentido, ata o ano 1986 a Xefatura do Estado estivo sempre en mans militares (Spínola, Costa Gomes e Ramalho Eanes) e os principais candidatos nas dúas primeiras eleccións presidenciais (1976 e 1980) foron militares.

20 Pode falarse da chamada “crise da bicicleta”, derivada do cesamento dun asesor do Ministro de Infraestruturas que pretendeu abandonar o edificio ministerial neste vehículo levando un ordenador supostamente do ministerio. O Ministro chegou a anunciar a súa dimisión, rexeitada polo Primeiro Ministro e pedida polo Presidente, no marco da comisión de investigación sobre a compañía aérea TAP (Lugilde, 2023).

Así as cousas, a finalización do límite temporal para reformar a Constitución de 1976 establecida na redacción orixinal, coincidiu coa vitoria da dereita nos comicios do 5 de outubro de 1980. Deste xeito, déronse as circunstancias para que, co apoio do Partido Socialista, fixérase unha revisión a grande escala da Constitución no ano 1982 que eliminou do ámbito político-xurídico a tutela militar, suprimindo o Consello da Revolución e tamén, con algún matiz, a posibilidade de cesamento unilateral do Primeiro Ministro por parte do Presidente.

Púxose daquela fin á cohabitación político-militar e a Presidencia da República sería ocupada por civís desde o ano 1986. Porén, ao mesmo tempo, empezou a producirse un novo tipo de cohabitación entre Presidentes e Primeiros Ministros pertencentes a diferentes partidos políticos, o cal lonxe de ser algo excepcional ou causa de cambios constitucionais (como polo contrario aconteceu en Francia) acabouse por converter en norma: entre o 1986 e o 2023, os anos de cohabitación case triplican aos de coincidencia partidista entre a Xefatura de Estado e do Goberno.

Existe pois unha singularidade portuguesa, non explicable soamente polo marco constitucional ou polo sistema de partidos que, con algunha incorporación (como o *Bloco* ou *Chega*) e aparición e desaparición fugaz (como o Partido Renovador Democrático de Eanes) mantivo a grandes trazos o esquema saído da Revolución dos Caraveis, incluíndo a falta de confianza e entendemento entre o PS e o PCP, que non mudou ata a *geringonça* e a chegada de António Costa no ano 2015.

Polo tanto, estase a consolidar unha cultura política propia baseada na idea de dividir o poder, na que ante o fortalecemento do papel do Primeiro Ministro a cidadanía opta por buscar algún contrapeso. Deste xeito, a cohabitación interpartidista parece converterse na norma e non na excepción e aínda que recentes acontecementos amosan a desconfianza e unha crecente tensión entre o Presidente e o Primeiro Ministro, todo indica que esta fórmula contribúe *de facto* a unha maior garantía e control do poder, ao modo duns *checks and balances* lusitanos.

En suma, medio século dan para moito e as críticas que se poden facer ao sistema político-institucional son múltiples e variadas, sobresaíndo o enorme abstencionismo electoral ou unha grande desigualdade²¹. Mais o que está fóra de toda dúbida é que o 25 de abril de 1974 foi o punto de partida cara o desenvolvemento e consolidación da democracia, a integración na Unión Europea e a mellora nos indicadores socio-económicos e nas condicións de vida.

Fernando Martínez Arribas. *Profesor de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Vigo. Doutor en Dereito Constitucional pola Universidade de Santiago de Compostela. fernando.martinez@uvigo.gal*

21 Os datos do coeficiente de Gini daban a Portugal 34,7 puntos no 2020, cifras moi semellantes ás de España. A estes efectos pode consultarse <https://datos.bancomundial.org/indicador/SI.POV.GINI?locations=EU>

Referencias bibliográficas

- AMORIM NETO, O. e COSTA LOBO, M. (2009). “Portugal’s SemiPresidentialism (Re) Considered: An Assessment of the President’s Role in the Policy Process, 1976-2006”. *European journal of political research*, vol. 48 (2), 234-255.
- BAYERLEIN, B. (1996). “Origens bonapartistas do semipresidencialismo português”. *Análise social*, vol. XXI (138), 1996 (4º), 803-830.
- CONSTENLA, T. (3 de agosto de 2021). “Portugal, más cómodo con el 25 de abril que con sus capitanes”. *El País*.
- COSTA LOBO, M. (2010). “El aumento de protagonismo del Primer Ministro dentro de un sistema semipresidencial”: 1976-2010”. *Seminario Presidencialismo y Parlamentarismo cara a cara*, Fundación Manuel Giménez Abad, Madrid, 1-29.
- DUVERGER, M. (1986). *Les régimes semi-presidentiels*. Presses Universitaires de France, París.
- FALLACI, O. (1978). *Entrevista con la historia*. Editorial Noguer, Barcelona.
- FREIRE, A. e COSTA PINTO, A. (2005). *O Poder dos Presidentes*. Campo da Comunicação, Lisboa.
- GARRIDO RUBIA, A. (2008). “Semipresidencialismo y semiparlamentarismo en la II República Española”. *Anales de Derecho*, nº 26, 51-84.
- GONZÁLEZ HERNÁNDEZ, J. C. (1999). *Desarrollo político y consolidación democrática en Portugal (1974-1998)*. Centro de Investigaciones Sociológicas-Universidad de Salamanca, Madrid.
- HOEHN, M. (2017). “Los Sistemas de Gobierno Parlamentarios y Semipresidenciales de Europa y el proyecto de régimen semipresidencial para Chile propuestos por los Senadores Zaldívar, Montes, Larraín, Allamand y Harboe”. Serie Estudios nº 04-17, 1-31.
- LEITE PINTO, R. (2016). “O Programa do Movimento das Forças Armadas: o singular destino da Constituição revolucionária do 25 de abril de 1974 em Portugal”. *Historia constitucional: Revista Electrónica de Historia Constitucional*, nº 17, 309-343. Recuperado de <https://doi.org/10.17811/hc.v0i17>
- LINZ, J. (1990). “Transiciones a la democracia”. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, nº 51, 7-33.
- LOFF, M. (2000). “Los regímenes autoritarios”. *Ayer, Portugal y España contemporáneos*, nº 37, 125-162.
- LÓPEZ MIRA, Á. (2001). “La regionalización en Portugal”. *Revista de las Cortes Generales*, nº 53, 111-198.
- LUGILDE PARDO, A. (8 de maio de 2023). “La ruptura entre Costa y Rebelo sume a Portugal en la incertidumbre”. *La Vanguardia*. Recuperado de <https://www.lavanguardia.com/internacional/20230508/8951044/ruptura-costa-rebelo-sume-portugal-incertidumbre.html>
- MAXWELL, K. (1995). *The Making of Portuguese Democracy*. Cambridge University Press, Cambridge.
- REZOLA, M. I. (2006). *Os Militares na Revolução de Abril. O Conselho da Revolução e a Transição para a Democracia em Portugal (1974-1976)*, Campo da Comunicação, Lisboa.

- (2016). “Los militares en la revolución y en la transición a la democracia en Portugal”. *Transiciones en el mundo contemporáneo*. En A. REIG TAPIA e J. SÁNCHEZ CERVELLÓ, URV-UNAM, 155-176.
- RODRÍGUEZ GAROZ, R. (2005). “Geopolítica crítica: el Pacto Ibérico de 1939”. *Scripta Nova. Revista Electrónica de Geografía y Ciencias Sociales*, vol. IX, 198. Recuperado de <https://www.ub.edu/geocrit/sn/sn-198.htm>
- SABATER NAVARRO, G. (2019). *Las transiciones ibéricas: influjos y convergencias en la democratización peninsular*. Publicaciones UAM, Madrid.
- SÁNCHEZ CERVELLÓ, J. (1995). *La revolución portuguesa y su influencia en la transición española (1961-1976)*. Editorial Nerea, Barcelona.
- SCHMITTER, P. (1975). *Corporatism and public policy in authoritarian Portugal*. Sage Publications, London.
- SIAROFF, A. (2003). “Comparative Presidencies: the inadequacy of the Presidential, semi-presidential and parliamentary distinction”. *European Journal of Political Research*, vol. 42, 287-312.